



AXUDAS

No DOG do luns 22 de maio de 2017 publícase a Orde pola que se regula a participación no fondo solidario de libros de texto e se convocan axudas para adquirir libros de texto e material escolar destinadas ao alumnado matriculado en educación primaria, ESO e educación especial en centros sostidos con fondos públicos para o curso escolar 2017/2018. .

Os requisitos e termos da convocatoria poden consultarse no taboleiro de anuncios da entrada do colexio, na Base de datos nacional de subvencións:

<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>

Presentación de solicitudes ata o 23 de xuño, en secretaría de 9.00 a 14.00 horas .

Só será preciso presentar unha única solicitude, incluíndo nela a todos/as os/as fillos/as que estean escolarizados no Centro.

Axudas para a adquisición de libros de texto (1º e 2º de educación primaria) os tramos de renda e as súas correspondentes axudas son as seguintes:

-Renda per cápita familiar igual ou inferior 5.400 euros: 170 euros

-Renda per cápita familiar desde 5.400,01 ata 9.000,00 euros: 90 euros

-Alumnado de educación especial (todos os cursos) e alumnado tutelado (primaria).

Axudas para a compra de material escolar destinado a alumnado matriculado en educación primaria. Concédense cando a renda per cápita familiar **é igual ou inferior a 5.400 euros**, e a contía da axuda será de 50 euros.

Fondo solidario de libros de texto (4º e 6º de educación primaria). Será requisito fundamental para acceder ao fondo solidario escolar ter devoltos os libros do curso pasado, adquiridos con cargo á convocatoria de axudas para a compra de libros de texto.

A asignación de libros farase por orde inversa á renda per cápita da unidade familiar.

Banco de libros da Asociación de Nais e Pais. Para o alumnado que vaia cursar 3º,4º, 5º e 6º de primaria o vindeiro curso, a ANPA convocará en breve unha reunión para informar ás familias de como poden participar e recibir libros do banco de libros.

CONCELLO DE OLEIROS. APOIO Á ESCOLARIZACIÓN

O día 23/05/2017 publicouse a convocatoria de bases específicas do procedemento para a **solicitud das prestacións de apoio á escolarización para o curso 2017/18**. O importe é de 70 € para educación infantil e 80€ para educación primaria.

Información na Concellería de Servizos Sociais e Sanidade do Concello de Oleiros.

Presentación de solicitudes, ata o día 12 de xuño, no Rexistro Xeral do Concello de Oleiros de 8:30 a 14:00 horas.

AVALIACIÓNS


Recibimos información dende a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria de que as probas de avaliación individualizada realizaranse en 3º de Educación Primaria os días **30 e 31 de maio**.

Farémolles chegar ás familias a información que envíe a Consellería, no caso de recibila, como en cursos anteriores.

SEMANA DO LIBRO E LETRAS GALEGAS

Nas últimas semanas tivemos dúas celebracións moi importantes no Colexio, como son a Semana do Libro e as Letras Galegas, adicadas este ano a **Carlos Casares**.

Realizamos actividades artísticas compartidas entre nenas e nenos das distintas aulas, seguindo o Proxecto Lector que este curso é "**A biblioteca como territorio das artes**"; Participamos nas actividades organizadas dende o Concello de Oleiros; cantamos e bailamos no concerto de Gloria Mosquera (Mamacabra), no patio do Colexio, o xoves día 18 de maio.



Podedes ver unha mostra das celebracións na páxina web do Centro.
www.edu.xunta.es/centros/ceipvalleinclanoleiros.